

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 3 DE MARZO DE 2023

SEÑORES/AASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a tres de marzo de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

nove horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 1 de marzo de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA DESTINADA AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 24 de xaneiro de 2023 (RE-E núm. 55), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GATEIRA S.C.
CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE CARBOENTES, PARROQUIA DE CARBOENTES
REPRESENTANTE	SANDRA DABOUZA RODRÍGUEZ
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	RETIRADA DE CERRAMENTO DE ESTERQUEIRA EXISTENTE
LUGAR	COUSO
PARROQUIA	SAN MARTIÑO DE ASPERELO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A120008600000LX
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Memoria técnica redactada pola enxeñeira técnica agrícola Dona María del Pilar Ferreiro Mirás, en data febreiro de 2023)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	2.511,80 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	UN (1) ANO
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 21/02/23)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE CARNE
REGA	██████████
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 01/03/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de CINCUENTA EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (50,23 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- RESOLUCIÓN DE DESESTIMIENTO E ARQUIVO DE EXPEDIENTE A SOLICITUDE DA INTERESADA

—Corvaz S.C.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Consta na documentación existente na Secretaría deste Concello o seguinte expediente (466/2022) iniciado a instancia de parte:

- Solicitud de modificación de licenza de actividade para **INSTALACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE PORCINO**, no lugar de Barrio, parroquia de Santa Baia de Camba, instada por Don Ángel

Cortés Fernández, na representación da sociedade CORVAZ S.C., con data 15 de decembro de 2022 (RE-E núm. 627).

Segundo.- Consta, asemade, o correspondente escrito de desestimento presentado pola representación da sociedade con data 28 de febreiro de 2023 (RE-E núm. 133).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAP) dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude e, cando elo non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

Segundo.- O artigo 21.1 da citada Lei establece que a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorra en cada caso, coa indicación dos feitos producidos e das normas aplicables.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Ter por desistida a CORVAZ S.C. do expediente incoado a súa instancia e que se sinala nos antecedentes do presente acordo.

Segundo.- Ordenar o arquivo do citado expediente, sen máis trámite.

4.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 15 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado,

correspondente ao perfil profesional de educador/a social (RS núm. 154, do 16/02/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte candidata:

Educadora social (oferta núm. [REDACTED])

— Jorge Mato, María Elena

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse á candidata preseleccionada un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentou a documentación a seguinte candidata:

— Jorge Mato, María Elena (RE núm. 301, do 23/02/23)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 2 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte da candidata presentada dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoa ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos da candidata admitida, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
MARÍA ELENA JORGE MATO	1,80

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ata o día 31 de decembro de 2023, da traballadora que deseguido se sinala:

Educadora social

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
MARÍA ELENA JORGE MATO	[REDACTED]

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 15 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de traballador/a social (RS núm. 152, do 16/02/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello as seguintes candidatas:

Traballadora social (oferta núm. [REDACTED])

- Cabaleiro de la Fuente, María del Carmen
- Jorge Couto, Ana María

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- Jorge Couto, Ana María (RE núm. 303, do 23/02/23)
- Cabaleiro de la Fuente, María del Carmen (RE-E núm. 129, do 28/02/23)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 2 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
ANA MARÍA JORGE COUTO	2,00
Mª DEL CARMEN CABAILEIRO DE LA FUENTE	1,40

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ata o día 31 de decembro de 2023, da traballadora que deseguido se sinala:

Traballadora social

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
ANA MARÍA JORGE COUTO	██████████

RESERVA:

MARÍA DEL CARMEN CABAILEIRO DE LA FUENTE

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

6.- CONTRATACIÓN DE DÚAS (2) TRABALLADORAS AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 15 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de dous postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de técnico/a en educación infantil (RS

núm. 153, do 16/02/23). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello as seguintes candidatas:

Técnicas en educación infantil (oferta núm. [REDACTED])

- Corbal Cangado, Sara
- Fernández Álvarez, Ana Isabel
- Fernández González, Belén

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse ás candidatas preseleccionadas un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación as seguintes candidatas:

- Fernández Álvarez, Ana Isabel (RE núm. 302, do 23/02/23)
- Corbal Cangado, Sara (RE núm. 322, do 24/02/23)
- Fernández González, Belén (RE núm. 323, do 24/02/23)

A Comisión de Selección prevista nas Bases, reunida o día 2 de marzo do corrente, procedeu á comprobación do cumprimento por parte das candidatas presentadas dos requisitos establecidos nas bases, admitíndoas ao proceso selectivo.

Procederon deseguido á valoración dos méritos das candidatas admitidas, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
ANA ISABEL FERNÁNDEZ ÁLVAREZ	1,00
SARA CORBAL CANGADO	2,30
BELÉN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	2,40

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada pola Comisión de Selección e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, ata o día 31 de decembro de 2023, das traballadoras que deseguido se sinalan:

Técnica en educación infantil

NOME E APELIDOS	DNI/NIE
BELÉN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	██████████
SARA CORBAL CANGADO	██████████

RESERVA:

ANA ISABEL FERNÁNDEZ ÁLVAREZ

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES PARA O EQUIPAMENTO E A MELLORA DAS INSTALACIÓNS E LOCAIS UTILIZADOS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI

O Sr. alcalde informa á Xunta de Goberno Local da Orde do 12 de xaneiro de 2023 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (DOG núm. 24, do 03/02/23); e a conveniencia de solicitar dita subvención para a mellora do equipamento do Centeo Cultural Municipal “Manuel Lamazares” de Rodeiro, mediante a adquisición dun novo equipo de son.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades unha subvención económica, por importe total de MIL DOUSCENTOS EUROS CON UN CÉNTIMO (1.200,01 €), para a adquisición dun novo equipamento, consistente nun equipo de son, con destino ao Centro Cultural Municipal “Manuel Lamazares” de Rodeiro.

Segundo.- Comprometerse a levar a cabo na súa totalidade as actuacións que se conteñen na memoria, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Cuarto.- Comprometerse a facer fronte aos gastos non subvencionados con cargo os orzamentos municipais, no suposto de ser beneficiario da subvención solicitada.

Quinto.- Facultar ao alcalde do Concello para que, na representación desta Entidade Local, asine cantos documentos sexan precisos para a efectividade deste acordo.

8.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2023

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da convocatoria de subvencións realizada pola Deputación Provincial dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2023 (BOP núm. 29, do 10/02/23) e a conveniencia de solicitar dita axuda para o financiamento de dous bloques de accións: un programa de conciliación denominado “*Concilia Rodeiro verán 2023*”, a desenvolver no período de vacacións escolares de verán entre os meses de xuño e setembro do corrente; e un taller denominado “*As primeiras sementes da igualdade*”, dirixido a nais e pais con fillos de entre 0 e 5 anos para traballar o fomento da igualdade dende a primeira infancia.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para o proxecto denominado “*EQUAL-CAMBA 2023*”, cun orzamento total por importe de DEZASEIS MIL SEISCENTOS CATORCE EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (16.614,81 €), IVE incluído.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial a cantidade de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €) para a realización das actividades incluídas no proxecto.

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o importe dos custos necesarios para completar o orzamento previsto para a realización da actividade.

Cuarto.- Aceptar integramente as bases reguladoras e asumir os compromisos que nelas se establecen.

Quinto.- Facultar ao Sr. alcalde, para que na representación do Concello, solicite a subvención e asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

9.- AUTORIZACIÓN PARA O CAMBIO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DE DETERMINADAS OBRAS MUNICIPAIS

Por acordos deste órgano, adoptados nas sesións celebradas os días 10/05/22 e 28/09/22, designouse á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso como directora facultativa das seguintes obras:

- Mellora de camiños nas parroquias de Asperelo, Camba, Carboentes, Guillar, Pedroso e A Portela.
- Mellora de camiño municipal que descorre entre as parroquias do Salto e Vilela.

Por escritos presentados en data 21 de xaneiro do corrente (RE-E núm. 41 e 42) a técnica designada comunica que, por motivos de saúde, vai estar ausente e de baixa laboral, polo que non poderá atender ás direccións facultativas designadas por un período de tempo indeterminado, propoñendo a designación da tamén enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo para exercer ditas funcións no seu lugar.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar o cambio na Dirección facultativa inicialmente designada para as obras especificadas, designando no seu lugar para o exercicio de ditas funcións á enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo.

10.- EXENCIÓNS DE ABONO DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA “CONCILIA RODEIRO 2023”

En atención ás circunstancias que concorren nos/as menores veciños/as do Concello [REDACTED] e [REDACTED], e de conformidade co informe emitido ao efecto pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez en data 03/03/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e en aplicación do previsto no artigo 5º, apartado 6 da Ordenanza do prezo público pola prestación de servizos e actividades educativas (BOP núm. 194, do 07/10/10), acorda conceder unha exención total no abono do prezo público pola participación no programa “*Concilia Rodeiro 2023*”, durante o período lectivo, a favor de ditos/as menores, polos motivos expostos no informe-proposta emitido e namentres se manteña a actual situación de vulnerabilidade da súa unidade familiar.

11.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Con data 1 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial concedeu unha subvención ao Concello, por importe de 3.160,52 €, para o proxecto denominado “*Sinalización e posta en valor da ponte de Pedroso*”, ao abeiro da convocatoria de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas as concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022 (BOP núm. 63, do 31/03/22).

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia propia que ostenta o Concello en materia de “*protección e xestión do Patrimonio histórico*”, establecida na letra a) do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin pola Deputación Provincial con cargo á convocatoria referida.

Vistos os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato, emitidos pola Alcaldía con data 03/03/23, e considerando xustificoado que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, e de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei

9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos denominado “*Sinalización e posta en valor da ponte de Pedroso*”, á sociedade CITANIA ARQUEOLOXÍA S.L., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Pontevedra, ao prezo de TRES MIL CENTO SESENTA EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS (3.160,52 €), IVE incluído, con estrita suxeición á Memoria descritiva redactada ao efecto, así como aos informes e ás autorizacións emitidas por Augas de Galicia, en data 29/04/22 (clave [REDACTED]); pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en data 24/08/22 (expediente [REDACTED]); e polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra, en data 16/09/22.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 336/227 do presuposto en vigor.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas vinte minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)